

Agrupación Deportiva O Silbato



MEMORIA

V CAMPEONATO NACIONAL DE FÚTBOL 7 DE ÁRBITROS

A CORUÑA, 28 DE XUÑO 2014



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Deporte



Deputación
DA CORUÑA



"la Caixa"

V



AGRUPACIÓN DEPORTIVA O SILBATO
25 ANIVERSARIO

TORNEO NACIONAL DE ÁRBITROS

FÚTBOL 7 - A CORUÑA - 28 DE XUÑO



diseño de cartel: camigotu@hotmail.com



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA



PRESENTACIÓN

A Agrupación Deportiva O Silbato leva traballando durante moitos anos en favor do colectivo arbitral de fútbol na nosa cidade e acolle no seu seno a mais de cen árbitros de fútbol pertencentes a súa vez á Delegación de Árbitros da Coruña do Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol (CTGAF), que a súa vez forma parte da Federación Galega de Fútbol (FGF).

Fundada no ano 1989, pasou por numerosas vicisitudes, pero hoxe en día quizais está mais fortalecida que nunca, pois ademais de ser a agrupación deportiva de árbitros mais antiga de Galicia, é todo un referente na realización de actividades deportivas, recreativas e culturais ó longo de todo o ano e dirixidas aos socios.

Entre as actividades que organiza a Agrupación Deportiva O Silbato, destaca sen lugar a dúbidas, o Campionato Nacional de Fútbol 7 que organiza cada ano na época do verán e que botou a andar no ano 2010 coa primeira edición. Un campionato que congrega en cada edición máis de douscentos árbitros, pois ademais de participar al principais delegacións arbitrais de Galicia (Ourense, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ferrol e a propia organizadora, A Coruña) sempre contou coa presenza de equipos do resto de España como de Castela-León, Principado de Asturias e Baleares.

O Campionato Nacional de Fútbol 7 é todo un referente nacional pois ten a honra de ser o único que se disputa de forma anual e continuada. O equipo que marcou ata o de agora un antes e un despois nas participacións no campionato foi Ourense, pois foi o gañador das dúas primeiras edicións, a terceira tivo como novo rei a Palma de Mallorca, mentres que a cuarta edición tivo como campión a Pontevedra.

Unión, compañeirismo, solidariedade, respecto, amizade, son algúns dos valores que a Agrupación Deportiva O Silbato inculca a todos os seus membros no día a día da agrupación. Ademais de todas as actividades que leva a cabo a Agrupación, a entidade organizada cada final de temporada unha Gala na que premia a todos os colexiados que acadaron o ascenso de categoría, os socios que sufriron algunha lesión grave e os tiveron apartados dos terreos de xogo, os que se proclamaron campións nas distintas modalidades deportivas organizadas como o torneo de Pádel, de Bowling, de Tennis de Mesa, de Fútbolín, de Voley-praia, de Tute, etc...

Fútbol Sala Coruña procámase campioa do V Campeonato Nacional de Árbitros de Fútbol

O V Torneo Nacional de Árbitros concluíu una edición máis cun novo campión, Fútbol Sala Coruña, que tomou o relevo de Pontevedra, campioa da pasada edición. A final do campionato xogárona os equipos de Fútbol Sala Coruña Ante Vigo, decantándose a balanza a favor de herculinos pola mínima (1-0).

A xornada transcorreu sen lesionados e cun bo ambiente entre os máis de douscentos cincuenta árbitros que se reuniron na Coruña para disputar este torneo, xa todo un clásico do verán para os colexiados galegos. Os equipos que lograron o seu pase aos cuartos foron Vigo, Coruña "B", Coruña "D", Salamanca, Fútbol Sala Coruña, Ourense "B", Valladolid "B" e Ferrol "A", mentres que para semifinais conseguiron o seu billete Coruña "D", Vigo, Fútbol Sala Coruña e Ferrol "A".

En semifinais ambas as dúas eliminatorias decidíronse pola mínima (1-0), ante a grande igualdade existente no terreo de xogo. Na gran final, entre os equipos da Coruña Futsal e Vigo, que eran a primeira vez que chegaban a unha final, a vitoria foi para os coruñeses por 1-0, poñendo fin a unha intensa xornada de fútbol na Cidade Deportiva de La Torre.

A xornada deportiva concluíu coa cea de clausura e entrega de trofeos no Restaurante Tira do Praia, onde se puxo o broche de ouro ao V Torneo Nacional de Árbitros. Entre as autoridades presentes na clausura estiveron o vicepresidente 1º da Federación Galega de Fútbol Juan Vázquez Veras, o Conselleiro Técnico de Deportes do Concello da Coruña Miguel García Feijoó, o vogal do Comité Galego de Árbitros José Luis Ferreiro Varela e o delegado de Árbitros da Coruña Roberto Pablo Jallas Amigo.

EQUIPOS PARTICIPANTES



A CORUÑA "A"



A CORUÑA "B"



A CORUÑA "C"



A CORUÑA "D"



A CORUÑA "E"



A CORUÑA FUTSAL



VIGO "A"



OURENSE "A"



OURENSE "B"



EL BIERZO



LUGO "A" y "B"



PONTEVEDRA



FERROL "A"



FERROL "B"



VALLADOLID "A"



VALLADOLID "B"



SALAMANCA



AVILÉS

CEA DE CLAUSURA E ENTREGA DE TROFEOS



Díscursos de autoridades: Concello e F.G.F.



O Conselleiro Técnico de Deportes D. Miguel García entrega o trofeo de campión a Futsal Coruña



O Vicepresidente 1º da Federación Galega de Fútbol D. Juan Vázquez entrega o trofeo de subcampión a Vigo



O vocal do Comité Galego de Árbitros D. José Luís Ferreiro entrega o trofeo de 3º clasificado a Coruña "D"

Utilización dun PHOTOCALL cos
principais colaboradores
da Agrupación Deportiva O Silbato:



Deputación
DA CORUÑA



"la Caixa"



Saunier Duval

Ademais da entrega a cada participante
dunha camiseta conmemorativa do
Campeonato cos colaboradores oficiais